

CIG-Saúde non apoia as convocatorias da folga médica que reclaman un “Estatuto propio” e a fin da dedicación exclusiva a Sanidade Pública.

CIG-Saúde comparte e defende, no Ámbito de Negociación co Ministerio de Sanidade, as demandas de mellora das condicións laborais de todas as profesionais da sanidade pública, como non podería ser doutra maneira, tamén do persoal médico e facultativo.

CIG-Saúde defende, alí onde ten representación, as lexítimas demandas das médicas e médicos sobre condicións de traballo, xornada, retribucións, conciliación, etc. No marco legal actual, as competencias sobre a xestión destas cuestións son da Consellería de Sanidade polo que a responsabilidade sobre as consecuencias da aplicación destas competencias son da Consellería de Sanidade.

CIG-Saúde tamén defende que **o Estatuto Marco debe recoller a regulación básica que permita defender os dereitos do persoal médico e facultativo coas súas particularidades**, nas mesmas condicións que as do resto do persoal estatutario. **Os dereitos de uns colectivos non limitan os de outros**, e todos teñen cabida nun Estatuto Marco para todo o persoal estatutario. Outra cousa é que o goberno do estado teña vontade de recoller estes dereitos. Para CIG-Saúde **o texto acordado entre o Ministerio de Sanidade e outras organizacións sindicais non cumpre cos obxectivos que nos marcamos no inicio da negociación**.

Desde CIG-Saúde esiximos unha **xornada laboral**, tanto ordinaria como das gardas e atención continuada, regulada, que garanta descansos, a conciliación familiar e persoal e a protección fronte ao esgotamento profesional, cun límite de 35 horas semanais de xornada máxima.

A responsabilidade da aplicación concreta desta xornada laboral é da Consellería de Sanidade. A responsabilidade da situación actual de sobrecarga e frustración das profesionais é da Consellería de Sanidade. E non se resolve na negociación actual do Estatuto Marco senón na confrontación contra as políticas de recortes e avances na privatización, que teñen como consecuencia este debilitamento da nosa sanidade pública e a precarización das condicións de traballo.

Na negociación do novo Estatuto Marco, CIG-Saúde esiximos **unha clasificación profesional xusta e adecuadamente retribuída, tamén para o persoal médico e facultativo**, que reflecta o nivel de responsabilidade, formación e dedicación de todo o persoal, sen discriminacións entre categorías. A nova clasificación ten que ir necesariamente acompañada dunhas novas retribucións básicas, que son competencia do Estado, coherentes coa nova clasificación.

Unha vez que sexa efectiva esa nova clasificación, haberá que presionar á Consellería de Sanidade para que adapte o conxunto do modelo retributivo a esa nova clasificación, incorporando o novo complemento para retribuír a dedicación exclusiva.



Tamén defendemos que o Estatuto Marco recolla **o dereito á xubilación anticipada e parcial de todo o persoal estatutario**, e que a regulación básica deste dereito apareza no propio Estatuto.

Pero hai condicións de traballo que **non se negocian no Estatuto Marco**, que son competencia dos servizos de saúde de cada comunidade e, polo tanto, **non van cambiar despois desta folga**.

A sobrecarga e a burocratización en Atención Primaria, o propio modelo de Atención Primaria, o número de pacientes por profesional, a substitución dos profesionais ausentes, o modelo de organización dos hospitais, a regulación das xornadas de traballo co modelo de xornada máis gardas, etc. **non son competencia do Estatuto Marco**.

CIG-Saúde defende a Sanidade Pública

CIG-Saúde **defendemos a sanidade pública** e, polo tanto, **defendemos a dedicación exclusiva á sanidade pública**, especialmente das persoas que exercen xefaturas de servizo e unidade e das persoas con responsabilidades de xestión de recursos humanos e económicos. Para CIG-Saúde a dedicación exclusiva debe ser condición necesaria para ter eses cargos. Tamén defendemos a creación dun complemento que retribúa, de xeito adecuado, a dedicación exclusiva á sanidade pública.

O feito de que o novo Estatuto Marco recollera parte do que defendemos sobre a dedicación exclusiva supuxo un **importante enfrontamento con determinados sectores de organizacións médicas corporativas**, que apoian a posición da patronal da sanidade privada que leva anos intentando rematar coa dedicación exclusiva á sanidade pública e pretendendo flexibilizar as condicións de aplicación da incompatibilidade, para poder ter máis fácil contratar profesionais.

O outro gran tema é o Estatuto propio. Os sectores médicos corporativos en máis de 20 anos non se preocuparon por como se aplicaba nos servizos de saúde o Estatuto Marco do 2003 e as súas consecuencias para o persoal médico e facultativo. Estes mesmos sectores médicos corporativos, a través de determinados colexios profesionais e sindicatos corporativos, agora, que **ven perigar determinadas cuestións que afectan á relación entre a sanidade pública e a privada**, queren un EM propio. Pero sobre todo un **marco propio de negociación**, que non garante a defensa dos dereitos de todas as médicas e médicos que traballan na sanidade pública, máis ben ao contrario, como se demostra nalgúns acordos recentes onde o que se prima é rematar coa dedicación exclusiva.

Para defender os lexítimos dereitos das e dos médicos e facultativos non se precisa dun estatuto propio, o que se precisa e defender eses dereitos nos ámbitos onde son vulnerados.

